III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 23 de xuño de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Axencia Galega de Innovación, pola que se adxudican as axudas do anexo I, modalidade A da Orde do 11 de abril de 2017, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

A Orde do 11 de abril de 2017 (DOG núm. 81, do 27 de abril) establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (en diante GAIN), en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

O obxecto da modalidade A do Programa de apoio á etapa posdoutoral é outorgar axudas ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para ampliar a súa formación no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante o financiamento dun máximo de dous anos de duración para a realización de estadías no estranxeiro e un contrato de retorno dun ano de duración na Comunidade Autónoma de Galicia.

No artigo 2 da orde de convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e no artigo 2 do anexo I os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas da modalidade A do Programa de apoio á etapa posdoutoral.

De acordo co establecido no artigo 9 desta convocatoria, unha vez analizadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as entidades solicitantes tiveron un prazo de dez días naturais para formularen reclamacións e emendar erros e falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

Universidades ou ante a GAIN, segundo a entidade solicitante. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes foron avaliadas por un equipo de avaliadores formado por expertos de fóra do Sistema universitario de Galicia (SUG), coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 4 do anexo I da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 5 do mesmo anexo.

O resultado desta avaliación entregouse á comisión de selección definida no artigo 10 da orde de convocatoria, que asignou ata un máximo de 5 puntos a aquelas solicitudes que superaron a puntuación mínima indicada no artigo 5 do anexo I, en función da pertenza da persoa candidata a un grupo, equipo de investigación, agrupación ou centro dos definidos no mesmo artigo 10. A comisión de selección elaborou un informe para os órganos instrutores no cal figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e as listas de espera para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas corresponde conxuntamente á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e á persoa titular da presidencia da GAIN, de acordo co artigo 11 da convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polos órganos instrutores a partir do informe da comisión de selección reunida o día 21 de xuño de 2017, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da GAIN,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas da modalidade A de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 11 de abril de 2017 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa formación posdoutoral que se relacionan no anexo I.

Segundo. Establecer dúas listas de espera, unha por cada órgano instrutor, que se inclúen como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios recollidos no artigo 10. Nestas listas figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola comisión de selección.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o 30 de xuño de 2017, agás para as persoas non comunitarias, que poderán asinar o contrato ata o 31 de agosto de 2017.

Quinto. De acordo co establecido no artigo 20 das bases da convocatoria e a vinculación de créditos que rexe para as axencias conforme a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos da GAIN adecuáronse á natureza xurídica das entidades beneficiarias. En consecuencia, os ditos créditos teñen a seguinte distribución:

Aplicación orzamentaria	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
		2017	2018	2019	2020	Total
09.A3.561A.403.0	5	70.688,88	197.516,66	197.655,56	126.138,90	592.000,00
09.A3.561A.480.0	1	14.944,44	41.500,00	40.327,78	25.227,78	122.000,00
Total	6	85.633,32	239.016,66	237.983,34	151.366,68	714.000,00

Sexto. As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 14 das bases da convocatoria.

Universidades do SUG: 45 axudas.

O importe das axudas das universidades do SUG imputaranse ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2016-2020.

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2017	2018	2019	2020	Total
09.40.561B.444.0	UDC	4	57.761,10	160.000,00	157.327,78	100.911,12	476.000,00
09.40.561B.444.0	USC	28	414.411,03	1.150.672,21	1.122.538,92	706.377,84	3.394.000,00
09.40.561B.444.0	UVIGO	13	192.261,09	533.500,00	520.277,77	327.961,14	1.574.000,00
Total		45	664.433,22	1.844.172,21	1.800.144,47	1.135.250,10	5.444.000,00

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

Demais entidades indicadas no artigo 2: 6 axudas.

Aplicación orzamentaria	Entidades	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2017	2018	2019	2020	Total
09.A3.561A.403.0	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	3	42.816,66	118.500,00	117.000,00	75.683,34	354.000,00
09.A3.561A.403.0	Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia do CSIC	1	12.927,78	37.516,66	40.327,78	25.227,78	116.000,00
09.A3.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas/CSIC	1	14.944,44	41.500,00	40.327,78	25.227,78	122.000,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Profesor Novoa Santos	1	14.944,44	41.500,00	40.327,78	25.227,78	122.000,00
Total		6	85.633,32	239.016,66	237.983,34	151.366,68	714.000,00

Sétimo. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no caso das universidades do SUG, ou á GAIN no caso das demais entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Oitavo. O artigo 14 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, á exixencia do reintegro e ás demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

Noveno. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no caso de solicitudes pertencentes ao SUG, e ante a persoa titular da presidencia de GAIN nos restantes casos, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Francisco Conde López
Presidente da Axencia Galega
de Innovación

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

DOG Diario Oficial de Galicia

ANEXO I

Axudas concedidas

Universidades do SUG.

Universidade da Coruña.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
ED481B 2017/028	UDC	Cancela	Barizo	Brais	******17J	Enxeñaría e Arquitectura	1	1	96
ED481B 2017/027	UDC	Blanco	Calvo	Alejandro	******08V	Ciencias	2	2	94,5
ED481B 2017/029	UDC	Sanjurjo	Rodríguez	Clara	******52V	Ciencias da Saúde	2	2	90,5
ED481B 2017/117	UDC	Fafián	Labora	Juan Antonio	******89S	Ciencias da Saúde	2	2	71

Universidade de Santiago de Compostela.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
ED481B 2017/071	USC	López		Lucrezia	******71B	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	2	100,5
ED481B 2017/084	USC	Ferro	Costas	David	******44H	Ciencias	1	1	100
ED481B 2017/063	USC	Díaz	Gómez	Luis Antonio	******28G	Ciencias da Saúde	3	3	98
ED481B 2017/039	USC	López	Romero	Laura	******71Z	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	2	97
ED481B 2017/077	USC	Indalecio	Fernández	Guillermo	******41A	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	96
ED481B 2017/030	USC	Ramos	Soto	Alejandro	******82L	Ciencias	2	2	94
ED481B 2017/054	USC	Lasa	González	Aide	******08F	Ciencias da Saúde	2	2	93,6

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
ED481B 2017/075	USC	Val	del Río	María Ángeles	******84D	Enxeñaría e Arquitectura	2	1	93,5
ED481B 2017/046	USC	Benítez	Baleato	Jesús Manuel	******28J	Ciencias Sociais e Xurídicas	3	2	93
ED481B 2017/016	USC	Vázquez	Nion	Daniel	******00W	Ciencias	2	2	92,7
ED481B 2017/107	USC	Bargiela	Bargiela	Rafael María	******62F	Ciencias	2	2	92,5
ED481B 2017/095	USC	García	García	Jesús Horacio	******03G	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	2	92,5
ED481B 2017/041	USC	Astariz	Núñez	Sharay	******01C	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	92
ED481B 2017/103	USC	Gómez	Varela	Ana Isabel	******94F	Ciencias	1	1	91,5
ED481B 2017/049	USC	Fernández	Martínez	Carla	******61Y	Artes e Humanidades	2	2	90,5
ED481B 2017/053	USC	Domínguez	Meijide	Antonio	******80Z	Ciencias da Saúde	2	2	89,5
ED481B 2017/048	USC	Casariego	Castiñeira	Paula	******88F	Artes e Humanidades	2	2	88,79
ED481B 2017/066	USC	Pazos	Castro	Ricardo	******35D	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	2	88
ED481B 2017/058	USC	Arias	Rodil	Manuel	******76B	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	87,5
ED481B 2017/060	USC	Gómez	Román	Cristina	******95C	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	2	87,5
ED481B 2017/088	USC	de la Puente	Vila	María del Carmen	******00M	Ciencias da Saúde	2	2	83,6
ED481B 2017/068	USC	Navarro	Burgos	Miguel Ángel	******44Q	Ciencias	2	2	82,5
ED481B 2017/007	USC	Vázquez	Calvo	Boris	******02N	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	2	82
ED481B 2017/073	USC	Balseiro	Romero	María	******07Y	Ciencias	2	2	81

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

DOG Diario Oficial de Galicia

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
ED481B 2017/074	USC	Seoane	Fernández	Andrés	******93P	Ciencias	3	3	81
ED481B 2017/081	USC	Alló	Pazos	María	******80J	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	2	80
ED481B 2017/045	USC	Olmo	López	Rubén	******89M	Artes e Humanidades	2	2	72,5
ED481B 2017/097	USC	Baz	Martínez	Maite	******29K	Ciencias da Saúde	2	2	69

Universidade de Vigo.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
ED481B 2017/118	UVIGO	Blanco	Imperiali	Ayelén Melisa	******64Q	Ciencias	3	3	96,5
ED481B 2017/116	UVIGO	Ramos	Berdullas	Nicolás	******91G	Ciencias	2	2	94,5
ED481B 2017/017	UVIGO	Cabaleiro	Álvarez	David	******16E	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	92,6
ED481B 2017/096	UVIGO	Montesinos	Padilla	Carmen	******23Z	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	2	90
ED481B 2017/006	UVIGO	Ferreira	Rodríguez	Noé	******53H	Ciencias	3	3	88,5
ED481B 2017/018	UVIGO	Ruano	Ordás	David Alfonso	******79N	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	86
ED481B 2017/019	UVIGO	Fernández	Requejo	Patricia	******15P	Enxeñaría e Arquitectura	1	1	84
ED481B 2017/038	UVIGO	Gómez	Sousa	Hipólito	******35N	Enxeñaría e Arquitectura	3	3	84

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
ED481B 2017/031	UVIGO	Pérez	Rodríguez	Paula	******02J	Ciencias	2	2	83,5
ED481B 2017/033	UVIGO	Romero	Rivas	Vanesa	******34H	Ciencias	1	1	82,5
ED481B 2017/087	UVIGO	Lago	Cameselle	Alejandra	******29T	Ciencias	1	1	81
ED481B 2017/034	UVIGO	Sanmartín	Villar	Iago	******35K	Ciencias	2	2	80
ED481B 2017/042	UVIGO	Carregal	Romero	José	******88N	Artes e Humanidades	2	2	72,7

Demais entidades do artigo 2 da convocatoria.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
IN606B 2017/006	Instituto de Investigacións Mariñas/ CSIC	Méndez	López	Lucía	*****215S	Ciencias	2	2	86,5
IN606B 2017/014	Fundación Profesor Novoa Santos	Carpintero	Fernández	Paula	*****776B	Ciencias da Saúde	2	2	84
IN606B 2017/002	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	Sureda	Torres	Pau	*****435M	Artes e Humanidades	2	2	77,5
IN606B 2017/003	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	Dal Zovo	-	Cecilia	*****111Y	Artes e Humanidades	2	2	74,5
IN606B-2017/009	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	Currás	Domínguez	Andrés	*****740H	Artes e Humanidades	1	1	72,5

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

DOG Diario Oficial de Galicia

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
IN606B-2017/012	Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia do CSIC	Álvarez	López	Vanessa	*****698R	Ciencias	1	2	70,5

ANEXO II

Listas de espera

Universidades do SUG.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
ED481B 2017/024	UDC	Bermúdez	García	Juan Manuel	******51V	Ciencias	2	2	79,25
ED481B 2017/002	USC	Rodríguez	Sánchez	José Luis	******22D	Ciencias	2	2	78,75
ED481B 2017/100	USC	Royé		Dominic	******53W	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	1	78,5
ED481B 2017/043	USC	Taboada	Puig	Roberto	******15R	Enxeñaría e Arquitectura	1	1	78,2
ED481B 2017/037	USC	Martínez	Menéndez	Jesús	******42J	Ciencias	2	2	78
ED481B 2017/036	USC	Eimil	Fraga	Cristina	******88L	Enxeñaría e Arquitectura	1	1	76,5
ED481B 2017/055	UVIGO	Souza	Alonso	Pablo	******28H	Ciencias	1	1	75,5
ED481B 2017/070	USC	Rial	Tubío	María del Carmen	******99R	Ciencias	3	3	75,45
ED481B 2017/112	USC	Alonso	Ferreiro	Almudena	******92A	Ciencias Sociais e Xurídicas	1	1	73
ED481B 2017/022	UVIGO	Rodríguez	Seijo	Andrés	******59G	Ciencias	1	1	73
ED481B 2017/064	UVIGO	Feijoo	Conde	Jorge	******84M	Enxeñaría e Arquitectura	2	1	72,7

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
ED481B 2017/020	UVIGO	Feijoo	Pérez	David	******03X	Ciencias	1	1	72,4
ED481B 2017/065	USC	Pérez de Lis	Castro	Gonzalo	******55V	Ciencias	2	2	71,5
ED481B 2017/113	UDC	Rodríguez	Piñeiro	José	******78P	Enxeñaría e Arquitectura	3	3	71
ED481B 2017/032	USC	Roces	Díaz	José Valentín	******63W	Ciencias	2	2	70
ED481B 2017/093	USC	Vázquez	Álvarez	Ángela	******33Y	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	68
ED481B 2017/040	UDC	López	Quintás	Ignacio	******65X	Ciencias	2	2	67,8
ED481B 2017/115	UVIGO	Soto	Oñate	David	******65W	Ciencias Sociais e Xurídicas	2	3	67,5
ED481B 2017/026	UDC	Seoane	Miraz	David	******07Z	Ciencias da Saúde	2	2	66,2
ED481B 2017/090	USC	Souto	Pereira	Sandra	******41W	Ciencias da Saúde	2	2	65,7
ED481B 2017/008	UVIGO	Costoya	Noguerol	Jorge	******21L	Ciencias	1	1	65,5
ED481B 2017/099	USC	Gómez-Ibarlucea	Traba	Esther	******99X	Ciencias da Saúde	2	2	65,2
ED481B 2017/023	UVIGO	Naghar		Azzeddin	******67G	Enxeñaría e Arquitectura	2	2	64

Demais entidades do artigo 2 da convocatoria.

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
IN606B-2017/001	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	Almansa	Sánchez	Jaime	*****703W	Artes e Humanidades	2	2	70,5

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: zodnwq53-96w1-erv0-vbd2-gdfpltkg0kv9

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Nota avaliación
IN606B-2017/013	Fundación Profesor Novoa Santos	Otero	Alén	Begoña	*****534T	Ciencias da Saúde	2	2	69,8
IN606B-2017/007	Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC	Barrio	Álvarez	Elena del	*****250K	Artes e Humanidades	3	2	69,5